

**Descrición: Aprobación lista definitiva para especialidades de violonchelo e  
contrabaixo, nomeamento tribunal e data proba**

**DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
ARZÚA (A CORUÑA )**

**ANTECEDENTES:**

Visto o expediente que se tramita para formación de bolsa de emprego por concurso oposición para contratacións temporais de profesores do conservatorio e escola municipal de música.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes (10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP do anuncio de rectificación de erros relativo a este expediente, o día 22/08/2019); de conformidade co disposto na Base 7ª, vistas as solicitudes de participación presentadas para as especialidades de violonchelo e contrabaixo e considerando que non hai aspirantes excluídos, en aplicación da base 8ª das aprobadas por Decreto do Alcalde nº 528/2019.

Polo exposto, en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos para as especialidades de violonchelo e contrabaixo, ao non resultar excluído ningún aspirante:

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DNI</b>	<b>CELGA 4</b>
López Seijo, PILAR	46****05R	Sí
REIRÍS Rodríguez, ALBA	76****23R	Sí

**SEGUNDO:** A lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de anuncios, sede electrónica e páxina web municipal.

**TERCEIRO:** Nomear ao seguinte Tribunal Avaliador do proceso selectivo:

PRESIDENTE: Santiago Gómez Fuentes. Mestre de Música no CPI Rodeiro.

VOGAIS:

- Daniel Portas González: Trombón solista Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela.

- Marina Abuín Salgado: Clarinetista Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela.

- Lidia María Rodríguez da Silva. Orientadora CEIP Bilingüe Pérez Viondi.

SECRETARIA a do Concello ou funcionario en quen delegue.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

Contra a composición deste Tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal Avaliador ás 10:00 horas do día 25/09/2019 e aos aspirantes ás 10:30 horas do mesmo día 25/09/2019, para que concorran á Casa do Concello para realización da proba teórico-práctica á que se refire a base 10.1 das que rexen o proceso de selección.

**QUINTO.-** Comunicar aos aspirantes que presentaron instancias para a especialidade de violonchelo-guitarra eléctrica que por Decreto Nº: 537/2019, de data 21/08/2019 resolveuse "Rectificar nos documentos do expediente 2019/E001/000011 nas bases aprobadas por decreto de data 14/08/2019 nº 528/2019 toda referencia a especialidade Violonchelo - Guitarra eléctrica para que pase a ser especialidade Violonchelo- Contrabaixo"; polo que se procederá ao arquivo das devanditas instancias,

ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde - Presidente

Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁQUEZ